



RESOLUCIÓN DA XEFA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUROS E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

ANTECEDENTES

1. O plan de explotación de moluscos bivalvos a pé da confraría de pescadores de Muros, (PE403A 2020/36-1) aprobouse para o trienio 2021-2023 mediante a Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira (DOG Núm. 262, de 31.12.2020).

2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de explotación da confraría de Muros de moluscos bivalvos a pé, indicábase que para os anos 2021, 2022 e 2023 mantense o número máximo de setenta e un (71) permisos que poderían participar neste plan. O número de permisos vixentes na actualidade é de sesenta e sete (67), polo tanto, son catro (4) as prazas por cubrir ata acadar o número máximo de setenta e un (71) permisos establecidos no plan.

3. O 01.03.2023 esta xefatura territorial remitiu información á confraría de pescadores de Muros sobre as prazas vacantes a pé existentes para a explotación dos recursos ao abeiro dos plans de xestión aprobados na entidade, para que presentasen as observacións que considerasen oportunas no prazo tres (3) días hábiles. Transcorrido este prazo, non se recibiu ningunha observación.

4. Por resolución do 09.03.2023 desta xefatura territorial convocouse o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo a pé na modalidade xeral para o exercicio da actividade extractiva na confraría de pescadores de Muros. Neste proceso convocáronse catro (4) prazas.

5. O 27.04.2023 a xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña, publicou a resolución coa listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo e as persoas excluídas do proceso. Esta resolución estableceu un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas.

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



6. Transcorrido o prazo anterior, as seguintes persoas aspirantes presentaron alegacións:

-O 2.05.2023, Fernández Verán Ramón, ***2554** alega á puntuación provisional de 8,85 puntos outorgada, solicitando a revisión da dita puntuación en base ao apartado 2.b de formación do baremo. A

-O 18.05.2023, Lestón Caamaño Francisco José, ***8430** alega á puntuación provisional de 7,00 puntos outorgada, solicitando a revisión da dita puntuación en base ao apartado do paro.

Ambas alegacións foron estimadas.

7. O 26.05.2023 a xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña emite comunicación relativa á celebración dun sorteo para dirimir o empate entre dezanove (19) persoas candidatas da lista provisional de persoas admitidas para a cobertura de catro (4) prazos. O sorteo celebrouse o 5.06.2023 no centro cultural Lustres Rivas de Ribeira, mediante o cal quedou establecida a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas para a obtención do permiso de explotación de acordo coa acta levantada da realización de dito sorteo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

1. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes, o procedemento para a obtención do permiso de explotación.

2. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

De acordo con todo o anterior, e co disposto no artigo 13 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG Núm. 58, do 26 de marzo de 2021), modificado polo Decreto 210/2022, do 1 de decembro (DOG Núm. 239 do 19 de decembro de 2022), esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,



RESOLVO:

1. Facer público a listaxe definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo e as que non o superaron, para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Muros.

2. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do anexo A da convocatoria:

a) Certificado de estar empadroada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. As persoas perceptoras da renda de integración social deberán renunciar a ela. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

d) Dúas fotografías de tamaño carné actuais e iguais, co seu nome escrito por detrás.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando vacante a praza correspondente, polo desistimento da persoa que non presentou a documentación ou carece dos requisitos.



3. Para obter o permiso de explotación de marisqueo a pé, as persoas seleccionadas deberán:

- Estar en posesión do permiso do certificado de mariscador.
- Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

4. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura comarcal de Ribeira, así como no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Muros.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)



I. MUROS.- LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS-SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

Nota: ocúltase parcialmente o número de DNI en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

I- LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS-SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	PUNTOS	PARO	FORM 2.a	FORM 2.b	PADRÓN
MACEIRAS	FORMOSO	MARIA	***1191**	10,00	3,00	3,00	0,50	4,00
GOMEZ	VALDES	SONIA	***8338**	10,00	3,00	3,00	0,50	4,00
TOBA	FERNANDEZ	DAVID	***4633**	10,00	3,00	3,60	0,00	4,00
LAGO	PORRUA	MARIA DOLORES	***4520**	10,00	3,00	3,10	0,30	4,00
LISTA DE RESERVA								
FORMOSO	SENDON	GENMA MARIA	***3371**	10,00	3,00	3,00	0,30	4,00
LAGO	ESTEVEZ	MARIA	***0009**	10,00	3,00	3,00	0,50	4,00
REBOLLIDO	ROMERO	MARIA	***0156**	10,00	3,00	2,80	0,50	4,00
FERNANDEZ	DOMINGUEZ	ANA MARIA	***8776**	10,00	3,00	3,50	0,70	4,00
CAAMAÑO	FERNANDEZ	ALMUDENA	***3634**	10,00	3,00	3,00	0,30	4,00
LESTON	PAIS	BERNARDO MANUEL	***1897**	10,00	3,00	3,00	0,00	4,00
ALVAREZ	VAZQUEZ	ESTELA	***0397**	10,00	3,00	3,00	0,30	4,00
LUACES	SENDON	ELADIO	***3294**	10,00	3,00	3,00	0,30	4,00

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	PUNTOS	PARO	FORM 2.a	FORM 2.b	PADRÓN
LOURO	LOURO	ADRIAN	***6031**	10,00	3,00	3,00	0,30	4,00
RODRIGUEZ	CAAMAÑO	LUCIA	***7094**	10,00	3,00	3,00	0,50	4,00
MARTINEZ	RODRIGUEZ	VICTOR MANUEL	***6257**	10,00	3,00	3,00	0,30	4,00
NOCEDA	LAGO	EVA	***2012**	10,00	3,00	3,00	0,30	4,00
FORMOSO	GARCIA	JOSE MANUEL	***9653**	10,00	3,00	3,00	0,50	4,00
BELASCO	ARMENDARIZ	AURKENE	***2242**	10,00	3,00	2,42	1,00	4,00
LESTON	CAAMAÑO	FRANCISCO JOSE	***8430**	10,00	3,00	2,70	0,50	4,00
MARTINEZ	DOMINGUEZ	RAMON ANTONIO	***9750**	9,80	3,00	2,50	0,30	4,00
ALONSO	FIGUEIRAS	MELODIA	***9031**	9,75	2,75	2,80	0,30	4,00
FERNANDEZ	VERAN	RAMON	***2554**	9,75	2,75	1,60	1,50	4,00
BAÑA	MARTINEZ	VICTOR MANUEL	***0180**	9,00	2,00	3,00	0,30	4,00
BLANCO	NIETO	OVIDIO	***3145**	7,85	2,25	1,60	0,00	4,00
BOUZAS	SANDE	MARIA JOSEFA	***9763**	7,00	0,00	3,10	0,50	4,00
BALEIRON	CRUZ	SILVIA	***8190**	6,00	3,00	3,00	0,30	0,00
GONZALEZ	HERMIDA	ANGEL	***4988**	6,00	3,00	2,00	1,00	0,00
MARTINEZ	CERNADAS	LORENA	***0435**	6,00	3,00	2,80	1,00	0,00
MARTINEZ	GIL	HENAR	***6809**	6,00	3,00	3,00	0,00	0,00

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	PUNTOS	PARO	FORM 2.a	FORM 2.b	PADRÓN
MAYO	BALDERRABANO	MERCEDES	***2630**	6,00	3,00	3,40	0,30	0,00
VILLANUEVA	REY	LUIS MANUEL	***7090**	6,00	3,00	3,00	0,00	0,00
VIÑAS	ARNING	REBECA	***8415**	6,00	3,00	3,10	0,30	0,00
QUEIRUGA	RIAL	JOSE FRANCISCO	***3788**	5,75	2,75	3,00	0,50	0,00
FERNANDEZ	SUAREZ	IRENE	***0010**	3,00	0,00	2,80	0,50	0,00
REGO	MARTINEZ	JUAN JOSE	***7652**	3,00	0,00	2,50	1,00	0,00

Os epígrafes de cada columna son:

- **PUNTOS** acadados en total.
- **PARO**: tempo transcorrido como desempregado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (**puntuación máxima 3 puntos**).
- **FORMACIÓN**:
2.a ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):

Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á resolución do 9 de marzo de 2023 da xefa territorial da consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.

2.b TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto. Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGafa, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos.

PADRÓN: Por estar empadroado nun concello do ámbito da confraría ou entidade titular do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: **4 puntos**.

II- RELACIÓN DE PERSOAS EXCLUÍDAS DO PROCEDEMENTO

Non hai persoas aspirantes excluídas do procedemento

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

